

"Escusaches ir á policía, non che van atopar nada. Cando me romperan os cristais, ata deixaran manchas de sangue; limpeinas cun pano, leveillas alá e non fixeron nin chisca de caso."

"Pois anda que cando foi o noso... Dixéronme que non tocásemos nada e vai e, como había cousas ciscadas pola cama, ata durmimos no chan como puidemos e total chegaron e o único que fixeron foi coller unha caixiña da mesa, disque estaban ali as pegadas. Nada, non che fan nada."

"Veña, veña, menos lobos na tomada! O meu fillo é policía e ata ten ido levar cousas ás casas."

"Eu, son ti e plántome na porta do coxo

4

Vagalumes na noite

Fina Casalderrey

Contos de Agardar



Fina Casalderrey
(Xeive, 1951)

Mestra. Obras publicadas entre outras: *Dúas bágoas por Máquina* (1992), *A noite dos coroides* (1993), *Chamizo* (1994), *O misterio dos fillos de Lúa* (1995), *O estanque dos parrulos pobres* (1996), *Mutacións Xenéticas* (1998), *A avoa ten unha menciña* (2002), *Lúas de nácara* (2003), *¡Un can no piso! ¿E que?* (2003), *Eu son eu* (2004), *Un misterio na mochila de Alba* (2005), *¿Quen me quere adoptar?* (2005), *Un día de caca e vaca* (2006), *A lagoa das nenas mudas* (2007).

© do texto: Fina Casalderrey

© da edición:



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística

Subvención:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Consello Editor: Xosé Xoán Barreiro Prado
Paz Filgueira Paz
Luís M. García Mañá
Xosé González Martínez
Xoaquín Monteagudo Romero
Benito Montero Prego
Carme Pérez Vaquero
Xosé M. Rodríguez—Abella
Carlos Varela García

Coordinación: Xosé González Martínez
Carme Pérez Vaquero

Corrección de edición: Fran Zabaleta

Fotografía e deseño da colección: Pío García

Imprime: Litonor

Depósito legal: C 2186—2007

Edita: Pío García Edicións

A función da Policía nun Estado de dereito é, xunto coa tradicional de garantir a seguridade pública, defender a legalidade democrática e os dereitos dos cidadáns, e os seus principios de actuación son os de servizo permanente á comunidade, máxima consideración á dignidade das persoas e evitación de calquera discriminación.

A Policía asume o feito de que a Constitución e o Estatuto de Autonomía lle recoñecen ao galego a condición de idioma oficial do país e a circunstancia de que é a fala utilizada a cotío pola maioría dos cidadáns.

A lingua galega é un instrumento de comunicación pero tamén é un mecanismo de integración social e política de primeira orde, un medio de expresión colectivo moi relevante para a identificación política e social da comunidade que a fala. Velaí que o Estado no seu conxunto, e dentro del a Policía, incorporen o galego como a súa lingua propia a nivel interno e nas relacións coas persoas.

Os cidadáns poden, xa que logo, dirixirse en galego aos policías, con toda naturalidade, de forma oral e por escrito. E tamén teñen todo o dereito do mundo a que os policías os atendan nesa lingua.

Neste intento por estender o uso da lingua galega aos procedementos administrativos poli-

ciais é importante a participación dos funcionarios e funcionarias, garantindo os dereitos lingüísticos e facilitando os medios para o seu cumprimento.

Velai a intención desta campaña de normalización lingüística: abrir novos espazos institucionais á comunicación, oral e escrita en lingua galega. Entendemos que os corpos de seguridade deben prestaren os seus servizos na lingua maioritaria de Galicia —que é o galego— e os cidadáns demandalos sen ningún complexo cultural.

A colección de relatos do que forma parte este que o lector ten na súa man é unha manifestación do compromiso que a Policía asume na promoción e defensa do idioma galego.

Xoaquín Monteagudo Romero

Presidente da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia.



A dark, monochromatic photograph of a stone wall. The wall is composed of large, irregular stones with visible mortar lines. In the bottom left corner, there is a small, dark plant with several leaves. The overall lighting is low, creating a somber and textured appearance.

4

Vagalumes na noite
Fina Casalderrey

Contos de Agardar
Vagalumes na noite

“Escusaches ir á policía, non che van atopar nada. Cando me romperan os cristais, ata deixaran manchas de sangue; limpeinas cun pano, leveillas alá e non fixeron nin chisca de caso.”

“Pois anda que cando foi o noso... Dixéronme que non tocásemos nada e vai e, como había cousas ciscadas pola cama, ata durmimos no chan como puidemos e total chegaron e o único que fixeron foi coller unha caixiña da mesa, disque estaban alí as pegadas. Nada, non che fan nada.”

“Veña, veña, menos lobos na tomada! O meu fillo é policía e ata ten ido levar cousas ás casas.”

11

“Eu, son ti e plántome na porta do coxo antes de que o venda todo, e ameázoo con que llo digo ao seu xefe; ti pregunta polo Vello e xa se botan a tremer. Ser foiche o coxo, que o home da Relá ben o viu saír pola túa cancela a fume de carozo.”

“Iso, ti vaite alá e preguntas polo Vello, disque lles ten prohibido roubar aos veciños. Agora que... non che vaian dar un golpe que te deixe no sitio, saca de diante!”

Os comentarios da veciñanza provocan en Dorinda a arroutada de presentarse na porta do pre-

sunto rateiro. Malia os seus oitenta e un anos cumpridos e unha calor agresiva que derrete o asfalto das estradas, sobe a costa cara ao barrio das chabolas decidida a recuperar o que é seu. O sol e os recentes consellos e advertencias bátenlle por igual nas tempas. Quizais o feito de non ter fillos fose o que a converteu nunha muller avezada, de orgullo natural, e esa arrogancia adquirida que sempre lle fixo tirar para diante cos proxectos máis difíciles.

Considera que isto é algo que ha de arranxar soa; non quere admitir, nin sequera diante de Manuel —cun ano menos ca ela, aínda que de saúde máis feble—, o seu erro de ter esquecido pechar a porta da rúa antes de marchar.

12

En vinte minutos —os seus andares xa non son os de outrora—, Dorinda está diante da casopa do presunto ladrón. Levanta o mandil, inclina a cabeza e limpa a suor da fronte. Non coñece ao coxo máis ca por referencias, nada sabe desa familia xitana que vén de se instalar na barriada de Arriba. Agarda uns segundos, toma alento. Todo parece tranquilo, mesmo os cans da veciñanza semellan durmir a sesta. O ritmo acelerado do corazón delata o seu desacougo.

Non ve timbre, nin chamador co que poder anunciarse. Pega a orella ás fendas. Nada, só un desagradable cheiro acedo. Unha profunda inspiración é o resorte que ergue a súa man para petar cos cotelos naquela porta corroída. As pernas dóbranlle de cansazo e impaciencia, mais aguanta ergueita.

Contos de Agardar
Vagalumes na noite

Volve petar e volve agardar un instante. A ansiedade róelle dentro e agradece a ausencia de inquietos. Deseguido, dá media volta disposta a renunciar a ese arrichado método de recuperar as súas alfaias.

Aínda non leva andados nin oito pasos cando sente unha voz rouca tras de si que, a máis de producirle unha repentina cambra, lle fai volverse:

—Eh, eh, ti, que queres?

Apoiada no peitoril da ventá, unha anciá, de idade semellante á súa, faille sinais. Dorinda achégase.

—Veño falar co xefe —di, con menos firmeza da que desexaría.

—Logo que foi? —pregunta máis baixo a muller.

—Nada, quero falar co Vello —mantén o ton.

—E por que? —baixa aínda máis a voz a muller.

—O coxo entroume na casa e levoume todo o ouro.

—Aquí non hai ningún coxo! E, ademais..., como sabes que foi el?

A muller baixou tanto a voz que Dorinda remata por imitala e, a partir dese intre, a conversa vólvese murmurio.

—Vino cos meus propios ollos!

—O Vello non está.

—A que hora o podo atopar?

Contos de Agardar
Vagalumes na noite

—É que está enfermo.

—Ai, daquela non se preocupe —recupera folgos—, que agardo aquí ata que se poña ben. Non creo que lle chiste que lles rouben aos veciños... É mágoa, coido que podíamos arranxar isto sen necesidade de denuncias —méntelle—, pero se non hai máis remedio...

—Ai, denuncias, non! Falamos, falamos!

—Pois que me devolva o que é meu, son recordos de familia —aí a voz crébaselle cando pretendía ser unha ameaza—: Se non levo as cousas...

—Volve aí polas dúas da mañá e falamos.

—Ca! Eu veño, o máis tardar, ás once.

—Está ben, está ben; pero polas almas dos teus defuntos, non o denuncies.

14

Dorinda, que é a primeira vez que se ve en semellante transo e pouco sabe das andrómenas da xustiza, ocúltalle que esa mesma mañá fora xa dar parte á policía.

Son as 22 h. 50 m. e, aínda que hai tempo que Manuel non conduce de noite, Dorinda convenceuno de que a acompañe. Non lle foi difícil, Manuel é un home abondo xeneroso e intelixente de seu como para renunciar a parte dos seus soños con tal de agradar a Dorinda, convencido xa de que a dita da súa dona repercute na súa propia felicidade razoable. Manuel —ao contrario ca Dorinda— nunca dá a máis mí-

nima proba de orgullo ou vaidade, é exquisitamente educado, dos que terman da porta e ceden o paso cun sorriso cando alguén se lle cruza.

—Dálle ao intermitente, Manuel.

Dorinda, cun termo de auga quente que pensa utilizar como arma defensiva, mantense na súa eterna teima de exercer de copiloto. Noutrora, Manuel teríasele arreposto, mais despois de medio século de vida en común, esa insignificancia que, abofé, lle segue amolando, non fende a súa entrega e lealdade.

—Segue, segue, Manuel. Paras un pouco máis adiante, que xa está á vella na ventá.

Manuel obedece.

—Logo non queres que entre contigo?

—Ca! Ti quedas aquí —dille mentres desenrosca a tapa do termo e o vapor comeza a embazar os cristais—. Déixate estar coas luces acesas, non quero que saiban canta xente hai dentro. Déixame a min, Manuel, déixame a min.

Dorinda descende amodo do modesto Fiat, malia ter os asentos altos cústalle cada vez máis pórse en pé sen risco dunha caída.

A matrona, agarda xa onda a porta.

Nunha sorte de duelo de película, as dúas mulleres mídense mutuamente as forzas e, ambas as dúas, agochan o esgotamento que lles produce caxar tantos anos enriba. Nin un lene sorriso, nin tampouco un indicio de fraqueza.

—Boas noites.

—Pasa, pasa, non teñas medo.

Dorinda vólvese cara ao coche, que cos faros prendidos e o bafo nos cristais, non permite ver o interior e aínda lle advirte:

—E por que hei ter medo, se teño a toda a familia no coche!

A muller fai un aceno e Dorinda penetra naquela penumbra espesa todo o solemne e erguida que lle permite a súa condenada artrose, apoupiñando nas paredes sen deixar de mirar a todas partes.

De súpeto, coma un regueiro de formigas diante dun prato de azucre, un rabaño de rapaces de idades imprecisas comeza a saír misteriosamente dun cuarto e doutro. Eles óllana coma se visen unha pantasma, ela míraos coma quen ve ánimas do outro mundo; daquela agocha os seus medos nunha profunda inspiración e, xusto nese intre, outra respiración fonda sae dun dos lóbregos cuartos. É un respirar intenso, de ogro, que xa non deixa de a acompañar en todo o tempo.

A situación vólvese máis tensa. Quizais o propio coxo, a quen ela non coñece, estea seguíndoa para fenderlle a cabeza cun machado á primeira ocasión.

“Por que díaño non acenden as luces?”

—Cortáronnos hai pouco a corrente —explícalle a vella, coma se talmente lle lese o pensamento. Persiste o cheiro desagradable da tarde, esa atmosfera vomitiva que incrementa. Múltiples gretas zig-

zaguean coma raios dunha tormenta estampados naquelas ruínas. As portas interiores son inexistentes, é doado intuír que se dirixen ao final do corredor: alí emerxe unha luz que fai tremelicar sombras imprecisas.

O silencio e aquel coller aire propio dun respirador artificial converten o curto traxecto nun tétrico peregrinar, cada décima de segundo é un lustro.

Xa no cuarto, a iluminación que emana das catro candeas transforma o acto nun auténtico ritual. Os ollos dos cativos superpóñense no limiar daquela estancia como ratas á espreita, caladas. Non é doado saber se están asustados ou preparados para botarse todos a un tempo sobre a presa.

Roupa, quincallas, caixas de cartón... moreas de caixas de cartón!

A muller colle unha delas e ofrécella, sen dicir ren.

17

Dorinda terma da caixa e mira as paredes, cada vez son máis as sombras que, en danzas macabras, invaden o lugar. Abre as lapelas e remexe no peculiar motín pirata. Aos rapaces interésalles cada movemento que fai: como a abre con aquelas mans brancas, limpas. Alí tan só hai reloxos e colares que non lle pertencen, a ela non lle desapareceu ningunha desas cousas, entre outras razóns porque nunca as tivo; o único reloxo que posúe, non o saca nin para durmir.

—Aquí non están.

“Agora vai ser cando se me botan todos enriba ata me desfacer en anacos.”

A matrona, sen dicir ren, recolle a caixa, púsa-a con desesperante prosma no chan e, coa mesma lentitude, colle outra de entre aquela catedral da desorde.

—Logo teñen que estar aquí, por forza.

Ningunha das dúas mulleres, cada pouco máis tensas, se atreve a baixar a garda.

Vólvese repetir o ritual: abre as lapelas, remexe...

A rapazada continúa expectante. A Dorinda, aqueles ollos que se amorean na entrada do cuarto antóllanselle agora cans de palleiro na procura dun oso. O oso é ela.

—Isto é meu —pronuncia narnexa, nada máis atopar o primeiro pendente.

18

Ninguén fai o máis mínimo comentario ao achado.

Terán comprobado xa que no Fiat só agarda unha presa fácil, de oitenta anos, que sobrevive a unha delicada enfermidade coronaria, quizais unicamente polo moito que ama á súa dona?

Aquela respiración forte do primeiro momento segue a escoitarse de fondo.

Dorinda non tarda en atopar a cadea coa medalla de dobre cara. Cada xoia que recupera é un suspiro, e sería un gozo semellante ao dun buscador de pebidas de ouro nun río, de non ser polo pánico

Contos de Agardar
Vagalumes na noite

que medra no seu peito coma un globo ao que lle introducisen hidróxeno sen control. Recupera as súas pertenzas, móstrallas á muller, que observa calada, e méteas no peto coa delicadeza coa que se tratan os obxectos amados.

“Agora será cando se han querer desfacer de min.”

—Isto é o meu —di cun incontrolable desexo de fuxir.

—Daquela, non nos denunciarás, verdade?
—prega a vella.

A pregunta fai de interruptor que acende as voces daqueles cativos mudos ata ese instante:

—Non denuncie ao Tito, señora; o Tito é bo.

—Á policía non vaia, señora guapa; vostede é boa.

—O Tito non lle roubou nada, foi un portugués que tirou todo nun burato e o Tito colleuno para devolverllo, señora bonita.

—O Tito non foi, que está maliño na cama.

—O Tito está mal, non pode ir ao cárcere!

Dorinda ve de preto aqueles ollos de vagalumes na noite e un calafrío percórrelle as entrañas.

—Non teño nada que denunciar —promete, convencida.

Nese intre, a máis cativa das nenas cóllea coa súa diminuta man cotrosa e, cun sorriso que manca, pregúntalle:

—Na túa casa hai chocolate?

Contos de Agardar
Vagalumes na noite

—Abonda! —rífalles a vella.

E co mesmo sixilo co que apareceran, volven desaparecer.

O son daquela respiración profunda de fol continúa a invadir o corredor.

—Os 50 € xa chos darei máis para diante, muller. Non vaias á policía, eh! Quen está enfermo de verdade é o Vello, non podemos desgustalo, eu non che mentín. Non denuncies ao Tito, eh!

Dorinda sae de alí cunha ledicia conmovedora, case patética, disposta a condonarlles a débeda e a non traizoalos.

20

Manuel e Dorinda, vestidos de cerimonia, agardan dende a primeira hora da mañá na sala de espera, dispostos a retirar a denuncia. Á fin fanos pasar á oficina.

—Manuel Lemos Gándara?

—Si, señor —Manuel fai unha lixeira inclinación de cabeza antes de sentar, coma se quixese facer unha reverencia e non se atrevese.

Os policías bótanlle unha ollada a aquel home miúdo e pulcro que leva unha pucha na man.

—A ver, Manuel... —comeza un deles.

—Non señor, pregúnteme a min, eu son a que sei como lle foi todo —interrompe Dorinda sen soltar a man do seu home.

—A denuncia está posta a nome de Manuel

Contos de Agardara
Vagalumes na noite

Lemos Gándara.

—Si señor, deilles o do meu home, pero a quen me roubaron foi a min e... e xa apareceron as cousas e queremos retirar a denuncia.

—Imos ver, comece polo principio.

—Dende que me desapareceron as cousas?

—Por suposto, dende o principio! —repite cun sorriso lixeiramente arrogante.

Dorinda e Manuel permanecen collidos da man durante o interrogatorio, talmente dous xoves namorados, aínda nerviosos e tímidos.

—Uf, non sei se me acordará todo! Iamos ir a Fátima e tiña que mercar unha colonia para Manuel. Daquela, collín a carteira e vin que me faltaban os 50€ que levaba e dixen “Deus bendito!” Entón, pensei...

Unha chamada telefónica interrompe a declaración uns minutos. Manuel e Dorinda observan aos dous policíaas, os seus rostros altivos..., todo neles lles chama a atención: o xeito de coller o teléfono dun, a forma de sentar do outro, a súa maneira de teclear, erguido coma se en calquera momento se fose levantar para darlles unha orde: “ao cárcere!”

—Veña, desculpen, empece outra vez...

—Pois que ata a noite non nos decatamos de que nos faltaba o ouro porque, cando vin a caixiña dos pendentos aberta, xa...

—Non, non; dígolle que comece polo principio outra vez.

Contos de Agardar
Vagalumes na noite

—Como me desapareceran os 50 € tiven que ir, onde gardamos os cartos, coller máis, logo fun á tenda e... e xa lles digo que ata que iamos deitarnos non vin que a caixiña onde tiña a cadea e mais os pendentes estaba aberta, sen nada dentro, claro. Manuel, Manuel!, chamei a correr a Manuel e foi cando nos decatamos de que nos faltaba todo o ouro.

—Especifique, señora.

—Como di?

—Que me diga a que se refire con iso de “todo o ouro”.

—Xa lle dixen que foi unha cadea coa medalla do Carme e da Guadalupe, dous aneis, un xogo de sortella e pendentes que...

—Vostede cre que o seu valor no mercado pasa dos 300€?

—Mande?

—Pensa que todo iso vale máis de 300€ nunha xoiería.

—Ai, e máis ben!, iso agora nin o hai.

—Pensa que vale máis, logo?

—Xa lle digo que si, vale moito máis!

O que interroga é un policía mozo e trátaa coa crueldade covarde que moitos rapaces novos dirixen contra os vellos indefensos.

As chamadas telefónicas interrompen en varias ocasións unha declaración que se eterniza e Dorinda ha comezar outra vez, e outra, e outra máis... Ao cabo de dúas horas, está realmente exhausta.

—Explíqueme de novo o de que é coxo e que os veciños o viron correr cara ao barrio das chabolas? E como foi iso de que, onte mesmo, vostede recuperou as xoias...

Dorinda, mostrando unha turbación que antes non tiña, comeza a suar; na súa cara semella concentrarse todo o sangue do seu corpo. O policía asústase e pide que lle traian un vaso de auga que ela colle cun tremelicar de man dubidosa. Manuel, que non abrira a boca nesas dúas horas, aperta a boina con saña e fala:

—Mire, señor, nós só desexamos que se esqueza todo, queremos retirar a denuncia.

—A ver, a ver... vaíamos por partes. A denuncia ten que seguir o seu curso, xa non poden retirala. Foi un delito público por atentar contra o patrimonio. Vostedes poden renunciar á indemnización, pódese lle perdoar a responsabilidade civil; a criminal, nunca. Así o esixe o fiscal, que se o manda ao cárcere, ten que ir ao cárcere.

—Ten que ir ao cárcere? —desespérase Dorinda.

—Mire, señora, se o que lle colleu o coxo ese, ten un valor superior aos 300 €, como vostede asegura, xa se considera delito e ten que ir ao cárcere.

—Ai, que vai ter! Eu cos anos, señor policía, xa non lle regulo ben. Eu só quero retirar a denuncia, tal como dixó o meu home.

—A ver se lles queda claro, o xuízo xa non se

Contos de Agardar
Vagalumes na noite

pode parar, ten que celebrarse.

Nada máis oír a palabra “xuízo”, a Dorinda vólvenlle a cabeza as olladas interrogadoras duns vagalumes na noite e unha respiración de fol; unha promesa bátalle nas sens. Daquela, derrúbase coma un castelo de naipes e bota a chorar con inusitado desconsolo.

DEREITOS LINGÜÍSTICOS

Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega oralmente e por escrito nas súas relacións cos cidadáns.

(Artigo 8.3. da Lei 1983, de Normalización Lingüística de Galicia)

Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

(Artigo 10 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia)

Os escritos redactados na lingua oficial dunha comunidade Autónoma que dirixan á Administración Militar particulares, Corporacións públicas ou institucións de autogoberno pertencentes a aquela, terán plena validez e eficacia.

(Artigo 2 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar).

No caso das relacións verbais entre particulares e centros ou dependencias da Administración Militar con sede nunha Comunidade Autónoma con lingua propia, os primeiros serán atendidos a súa elección en castelán ou na lingua da Comunidade.

(Artigo 4 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar)

No ámbito territorial das Comunidades Autónomas con Estatuto que establezan a cooficialidade lingüística, os peticionarios terán dereito a lles formular as súas peticións á Administración Xeral do Estado ou ós organismos públicos vinculados ou dependentes dela en calquera das linguas oficiais e a obter en resposta na lingua da súa elección.

(Artigo 5 da Lei Orgánica 4/2001, reguladora do dereito de petición)

Os detidos dispoñen do pleno dereito ao uso das linguas cooficiais perante os poderes públicos radicados na Comunidade Autónoma, sexan estes estatais ou mesmo rexionais”

(Sentenza do Tribunal Constitucional do 21 de xaneiro de 1987)

Contos de agardar
é unha colección que pretende achegar ao lector
unha escolma de autores de relato galego,
dentro da campaña de normalización lingüística
“En galego, con toda seguridade”.
Con ela pretendemos promover o uso do idioma galego
nas relacións dos
corpos e forzas de seguridade coa cidadanía



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística



Dirección Xeral da
Policía Nacional
e Garda Civil



Dirección Xeral da
Policía Nacional
e Garda Civil



Consellería de Presidencia
Policía Autónoma